



Discurso na celebración dos 40 anos de *Encrucillada*

Pedro Castelao

Benqueridos amigos e amigas:

Quixera comezar esta intervención cunha sincera verba de agradecemento ao presidente da Real Academia Galega que aquí nos acompaña, así como a todos os académicos e académicas que representan a institución que hoxe tan amablemente nos acolle nesta sala.

É para min, como director de *Encrucillada*, unha grande honra poder dirixirme a todos vostedes e ao público en xeral –amigos todos da nosa revista– co ánimo de poder explicar brevemente tan só dúas cousas: a motivación remota e o sentido presente que ten a publicación desta voluminosa obra que aquí presentamos.

Que é o que nos levou a publicar este libro?

En febreiro de 2017 *Encrucillada* cumpriu corenta anos. Dende aquela alongada data, e de xeito ininterrompido, levan os nosos subscritores recibindo cada dous meses, cinco veces no ano, un volume de entre cen e cento vinte páxinas con artigos e achegas de reflexión teolóxica e outras aportacións de índole máis cultural, eclesial e mesmo política. Velaí a vida relixiosa, social, cultural, económica e política de Galicia, destes oito lustros, barutada no xirgo dunha ollada construtivamente crítica, que nos permite cribar e depurar o decorrer do tempo coa mirada posta no Evanxeo e no seu enraizamento na nosa terra.

É evidente que non vivimos hoxe os tempos efervescentes da primeira recepción do Concilio Vaticano II, tempos do nacemento de *Encrucillada*. Pero ninguén negará que a reforma posibilitada pola renuncia de Bieito XVI e firmemente iniciada polo papa